


LETRAS DE INVERNO

RECOMENDACIÓNS DA BIBLIOTECA ESCOLAR DO CPI AURELIO MARCELINO




PARA @S PEQUEN@S




Simón plantou moitas cenorias
pero alguén lle suxeriu poñer
tamén leitugas, tomates,
berenxenas...

Unha cor que se sente soa, que
ten que apertar canda ela todas as
cores para ser quen de formar
outras. Que traballíño ten a pobre!



Pete mercou uns
preciosos zapatos
brancos mais no
seu paseo dá con
diferentes
obstáculos que
tinxen os zapatos
de moitas cores.




Abre as orellas,
palabras a voar
saíndo pola antena,
aterrando polo chan.
O falar non ten
cancelas, vai de aquí
para acolá. Chega a
radio falangueira que
te vai facer pensar...





Nas aforas dunha vila pequeniña
había un eido abandonado. Alí,
unha casa vella onde vivía Pippi.
Tiña nove anos e vivía soa, sen pai
nin nai.

Malala desexaba ter un lapis
máxico. Con el faría feliz a súa
familia, borraría o cheiro a lixo da
cidade, detería o tempo para
dormir unha hora máis pola
mañá...□




PARA @S MEDIAN@S

A xente da vila sentiu
un odio repentino
pola señorita Bubble
desde o mesmo día
da súa chegada. A
inventora apareceu
por sorpresa nun
convertible a vapor, e
instalouse naquela
vivenda que levaba
anos deshabitada.




Alma, unha
cadelíña bonita
regresa triste ao
seu fogar porque
os nenos non
xogan con ela.
Pérdese na noite
e durme lonxe da
casa.






PARA @S GRANDES



14 relatos de medo nos que a ben dosificada intriga ofrece unha conclusión inesperada que manterá a quen os lea coa sensación de non poder desprenderse deles.

Nos seus sonhos, Anna é quen de albiscar un planeta agonizante no futuro, con moitas especies desaparecidas da face da Terra a causa da contaminación e do cambio climático.



Son Álex, un mozo transexual. Abro este vlog para compartir con vós a miña vida. Quen me coñeza e estea a ver este vídeo entenderá moitas cousas, ou mesmo non comprenderá ou non quere comprender nada.




Animais, nunca mascotas. Seres de seu, nunca mascotas. Vida, non cousas. Animais que son máis persoas que as persoas, que poden ser moi animais.




Nerea ten a vida organizada. Pode considerarse unha muller con éxito: é funcionaria, ten unha filla e un fillo, casada e con casa propia. Un luns recibe un diagnóstico de cancro de mama que o cambia todo.

Sen perder a corpulencia do seu verso violento e, ao tempo, frágil, Lupe Gómez ensaia neste poemario novas formas de enerxía silenciosa, abrindo campos expresivos ata agora inéditos nela.



PARA @S MÁIS GRANDES

Primeiro álbum de estudo da cantautora MJ Pérez, que ofrece un traballo onde a esencia combina co novidoso en canto a espírito e estilo.



Nun lugar do (nor)Oeste, á saída dalgunha revolta, atópase Río Bravo, onde os homes son homes e as mulleres tamén. A obra teatral máis popular de Chévere.

